

# TALLER PRÁCTICO SOBRE O USO DE PIZARRAS DIXITAIS INTERACTIVAS EN CENTROS ACADÉMICOS

## ÍNDICE

INTRODUCCIÓN .....	2
BREVE DESCRICIÓN DO CURSO.....	2
METODOLOXÍA .....	3
DESTINATARIOS .....	3
COÑECEMENTOS PREVIOS NECESARIOS .....	3
DURACIÓN DO CURSO .....	4
PLANIFICACIÓN TEMPORAL DA SESIÓN FORMATIVA .....	4
OBXECTIVOS .....	4
PROGRAMA .....	4
CONTIDOS TEÓRICO/PRÁCTICOS .....	4
CONDICIÓN ECONÓMICAS E ASISTENCIA.....	5
CONTACTO .....	5



Alcalde Angel Penas, 9  
 27370 – Rábade (Lugo)  
 Tfnos: 982 39.01.28 | 696 02.55.77  
 Fax: 982 39.01.28  
[aferformacion.es](http://aferformacion.es) | [info@aferformacion.com](mailto:info@aferformacion.com)



## INTRODUCCIÓN

---

Na actualidade, os métodos de ensinanza/aprendizaxe están a cambiar, debido, en gran parte, á incorporación das Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC) nas nosas aulas. É ben sabido que os encerados son, nas escolas, unha parte esencial do día a día. Estes, serven como apoio das explicacións dos docentes e favorecen a comprensión e memorización dos contidos por parte do alumnado.

Os encerados tradicionais seguen a ser empregados no día a día da maioría das escolas, deixando paso, pouco a pouco, á incorporación de modelos máis modernos e funcionais. Así, fomos substituíndo os encerados tradicionais polos brancos, cambiando o xiz polos rotuladores, e deixando paso, na actualidade, á incorporación das Pizarras Dixitais Interactivas. As PDI son, hoxe en día, un excelente recurso que nos permite empregar Internet na aula, manipular texto e imaxes, facer uso de actividades electrónicas que nós mesmos podemos crear, expoñer presentacións, etc. As PDI ofrécennos posibilidades infinitas, facilitándolle o traballo ao profesorado, e facendo máis motivador o proceso de ensinanza/aprendizaxe para o alumnado, e polo tanto, máis efectivo. Mais, a adaptación ao uso desta nova ferramenta nas aulas non é sempre tan sinxela como a simple vista pode aparentar. É necesario que, paralela á incorporación da PDI nas aulas, vaia o esforzo dos docentes por adaptarse ao seu uso, e así beneficiarse de todas as vantaxes que esta nos ofrece.

Neste pequeno dossier falaremos dun sinxelo curso que lle facilitará ao profesorado a tarefa de familiarizarse co uso da PDI na aula, e descubrir todos os beneficios que pode aportar o seu uso cotián na vida escolar.

## BREVE DESCRICIÓN DO CURSO

---

Co presente curso achegarémonos a unha serie de contidos relacionados directamente coas PDIs. Así, coñeceremos non só os aspectos máis teóricos, senón que tamén se fará un enfoque práctico do uso e aproveitamento didáctico que podemos facer desta ferramenta no día a día do contexto escolar.

Polo tanto, nun primeiro momento farase unha presentación dos elementos básicos e características dunha Pizarra Dixital. Logo, coñeceremos os aspectos técnicos da mesma, que permitirán achegarnos a diferentes aspectos como poden ser a navegación pola rede ou a impresión e captura



de imaxes e documentos. Por último, farase referencia aos aspectos máis prácticos, vendo o uso das diferentes ferramentas que atopamos nunha PDI.

Este curso permitirá, pois, achegar ao profesorado ás diferentes vantaxes que o uso dunha PDI implica, para poder así levalo á práctica na aula. Entre estas vantaxes, podemos sinalar o acceso inmediato á información ou a combinación de diapositivas, música, esquemas... Por outra parte, o alumnado poderá, dende a casa, acceder a aqueles contidos tratados na aula sempre que combinemos o uso da PDI con outras aplicacións, como podería ser unha plataforma educativa como Moodle.

## **METODOLOXÍA**

---

A metodoloxía a empregar neste curso fundaméntase principalmente nun modelo expositivo, onde se pretenderá que a comprensión dos conceptos e potenciais habilidades resulte sinxela aos asistentes, de forma que se conxugarán os tempos co fin de abordar todas as cuestións teóricas así como prácticas.

Por outra parte, procurarase a participación dos asistentes no curso para alcanzar o nivel de coñecementos programados no mesmo, á procura de resolver todas as dúbidas que xurdan con respecto ao funcionamento das PDI. Para pechar a sesión formativa desenvolverase unha unidade didáctica para que se poidan apreciar realmente as vantaxes do uso das PDI nas aula.

## **DESTINATARIOS**

---

O presente curso irá destinado principalmente a docentes que queiran achegarse ao uso da PDI nas aulas. Polo tanto, este será o curso idóneo para todo o profesorado que teña predisposición para innovar os seus métodos de traballo e para comezar a usar dun xeito básico esta útil ferramenta.



## **COÑECEMENTOS PREVIOS NECESARIOS**

---

Entre os requisitos previos que serían recomendables para todos aqueles asistentes ao presente curso teriamos: un coñecemento básico dos compoñentes e manexo dun ordenador a nivel de usuario, sendo tamén interesante unha certa habilidade no manexo de programas de aplicacións

ofimáticas tales que: procesador de textos, presentacións electrónicas, etc; así como tamén, certa soltura na navegación pola rede.

## DURACIÓN DO CURSO

---

Este curso terá unha duración de 4 horas, e levarase a cabo nunha mesma xornada, ben en horario de mañá ou tarde.

## PLANIFICACIÓN TEMPORAL DA SESIÓN FORMATIVA

---

<b>10 minutos</b>	Entrega de material e presentación do curso.
<b>1 h 30 minutos</b>	Introdución á PDI. Instalación, configuración e manexo do software específico da mesma.
<b>40 minutos</b>	Uso da PDI con arquivos dixitais convencionais. Aproveitamento da conexión a Internet coa PDI.
<b>20 minutos</b>	Preguntas e experimentación coa PDI
<b>20 minutos</b>	Descanso
<b>1 hora</b>	Desenvolvemento dunha unidade didáctica.

## OBXECTIVOS

---

Entre os obxectivos principais do curso atopamos os seguintes:

- ▶ Introducir aos docentes en técnicas de traballo adaptadas ás novas tecnoloxías.
- ▶ Coñecer o funcionamento básico dunha PDI e os seus compoñentes.
- ▶ Aprender a manexar o software asociado á PDI, así como aproveitar os recursos elaborados con outros programas.
- ▶ Familiarizarse coas posibilidades educativas que ofrece a PDI nas diferentes etapas educativas.

## PROGRAMA

---

### CONTIDOS TEÓRICO/PRÁCTICOS

- ▶ **Introdución ás PDI:**
  - Que é unha PDI?
  - Compoñentes.
  - Accesorios asociados.
  - Vantaxes e desvantaxes do seu uso.
- ▶ Instalación e configuración do software.
- ▶ Manexo do software específico da PDI:
  - Introdución ao software.
  - Uso das ferramentas propias do software.
- ▶ Uso da PDI con arquivos dixitais convencionais.
- ▶ Aproveitamento da conexión a Internet coa PDI.
- ▶ Desenvolvemento de unidades didácticas empregando unha PDI

## CONDICIÓN ECONÓMICAS E ASISTENCIA

---

A presente sesión formativa está pensada para ser levada a cabo nos centros educativos nos que traballa o persoal docente. Para elo, sería necesario dispor dunha aula con PDI, co fin de poder levar a cabo dun xeito satisfactorio a parte práctica da mesma.

Non será necesario cubrir un mínimo de prazas para a impartición do curso, nembargante o número máximo de asistentes será de 15 por cada grupo. O prezo polo conxunto da acción formativa será de 250,00€.

## CONTACTO

---

Para concertar as datas de impartición, para facernos chegar calquera suxerencia ou resolver algunha dúbida; poden poñerse en contacto connosco a través dos seguintes medios:

- ▶ Páxina Web: [www.aferformacion.es](http://www.aferformacion.es)
- ▶ Correos electrónicos: [info@aferformacion.es](mailto:info@aferformacion.es) / [info@aferformacion.com](mailto:info@aferformacion.com)
- ▶ Teléfonos: 982 39.01.28 / 696 02.55.77